



AS INSTITUCIÓN S EUROPEAS ABREN O CAMIÑO PARA APLICAR O PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN NA TELEFONÍA MÓBIL E ALTA TENSIÓN

A Asociación Pola Defensa da Ría considera un paso importante a recen aprobada [Resolución do Parlamento Europeo sobre saúde e campos electromagnéticos](#), informe, elaborado pola eurodiputada liberal belga Frédérique Ries, e aprobado por unha amplísima maioría de eurodiputados (559 a favor, 22 en contra e 8 abstencións).

A aprobación desta resolución segue a liña da posición tomada pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) e a resolución do [Parlamento Europeo de 04.09.08](#), significando un punto de inflexión e un cambio de tendencia en relación aos impactos ambientais e de saúde pública dos campos electromagnéticos nas institucións europeas. O informe sopesa que “cada cidadán está exposto a unha mestura complexa de campos eléctricos e magnéticos de diferentes frecuencias tanto no fogar como no traballo” e **constata, baixo o peso da evidencia científica, os efectos biolóxicos da contaminación electromagnética e os posibles efectos sobre a saúde derivados dunha exposición residencial**. Esta resolución debería converterse nun primeiro paso dunha directiva europea que expoña niveis de misión moito máis restritivos baixo o principio de precaución, como así o comezaron a facer países europeos da nosa contorna: Italia, Suíza , Luxemburgo, Bélxica, etc.

Entre outras medidas esta resolución require:

- **Diminución e adecuación dos actuais límites dos Campos Electromagnéticos** e consideración específica dos efectos biolóxicos destes
- **O diálogo (entre industria, autoridades públicas e as asociacións de veciños) na implantación de antenas base de telefonía móbil ou de liñas de alta tensión, garantindo polo menos que non estén próximas a escolas, garderías, residencias de anciáns e centros de saúde;**
- **Potenciar estratexias (compartir antenas e infraestruturas) e tecnoloxías que reduzan a súa exposición;**
- Elaboración dun **informe anual sobre os niveis da UE dos CEM e as medidas adoptadas para protexer a saúde humana e o medio ambiente.**
- **Creación de mapas de exposición aos CEM** co acceso público en Internet;
- **Ter en conta a recomendación de que os nenos usen preferente do teléfono fixo**, lanzada por Elisabeth Cardis, **coordinadora do Estudo INTERPHONE, ao tempo que demanda información polo retraso da publicación definitiva das conclusións de dito estudo.**
- **Dotación para unha Campaña de sensibilización xeral aos mozos sobre o uso racional do teléfono móbil**, denunciando as campañas de comercialización agresivas dirixidas a nenos e mozos (incluído o teléfono móbil infantil e "os minutos gratis");
- **Recoñecemento do carácter invalidante da electrosensibilidade**, co fin de garantir unha protección adecuada e igualdade de oportunidades ás persoas que a sofren;
- **Recoñecer que as aseguradoras xa están aplicando o principio de precaución**, a súa maneira, ao excluír da cobertura das pólizas os riscos vinculados aos CEM; etc

A APDR invita ás distintas administracións (europea, estatal, autonómica e municipal) a poñer os medios para comezar a poñer en marcha ditas medidas para rematar co caos actual.

Pontevedra, 18-04.09